

HISTORIA DE ESPAÑA

Aclaracións sobre o modelo de exame da ABAU 2020

Estimado profesorado,

As difíciles circunstancias nas que se está a desenvolver este curso determinaron a publicación da Orde ministerial PCM/362/2020 de 22 de abril, que obriga a adaptar a proba da ABAU 2020 a novos criterios. Esta normativa non permite modificar os contidos do exame, pero si afecta á estrutura do mesmo en varios sentidos:

- a necesidade de configurar unha única proposta de exame, suprimindo as opcións
- a necesidade de garantir que o alumnado poida acadar a máxima puntuación, con independencia das circunstancias que afectaron ao período de ensinanza non presencial
- a necesidade de que todas as preguntas poidan ser elixidas

Estes condicionantes orientan o modelo de exame publicado pola CIUG no día de hoxe, que intenta axustar a norma xeral ás particularidades da nosa materia, mantendo na medida do posible o estilo de traballo desenvolvido nos centros dende o principio do curso. Partindo desta base e con obxecto de orientar o profesorado e tranquilizar o alumnado afectado, o grupo de traballo quere facer algunhas precisións de utilidade:

-a relación de contidos non cambia con respecto á publicada na páxina da CIUG (os termos, as preguntas e as composicións seguen sendo as mesmas do ano pasado) e as súas valoracións tampouco cambian

-a anterior división tripartita do exame (definición de termos, pregunta a desenvolver e composición histórica) con dúas opcións (A e B), é substituída por un exame con **4 preguntas** (1 pregunta teórica que engloba as anteriores definicións de termos e tema a desenvolver) e tres composicións históricas. O alumnado ten que **escoller 2 das preguntas**, que poden ser **a pregunta 1 (teórica)+ unha das composicións** ou ben **dúas das composicións**, posto que ningunha das preguntas pode ser obrigatoria

-a pregunta 1.1. (definicións de termos) amplía o número de conceptos a elixir, que pasan **de 6 a 8**. Mantense a distribución por períodos existente ata o momento: 3 termos de época pre-contemporánea, 1 termo do século XIX e 2 termos do século XX. Os 2 termos engadidos a maiores corresponderán ao século XIX.

-a pregunta 1.2 (tema a desenvolver) amplía o número de preguntas a elixir, que pasan **de 3 a 4**. Mantéñense as especificacións das tres primeiras (preguntas dos bloques 1 ao 4, de bloques distintos e cunha distribución aleatoria). A pregunta engadida a maiores

será **unha pregunta dun bloque repetido**, é dicir, se temos 3 preguntas dos bloques 2, 3 e 4, a pregunta a maiores nunca vai ser do bloque 1.

-as composicións serán as que figuran na relación do ano pasado (12 composicións do século XIX e 13 composicións do século XX). Posto que agora se ofrecen 3 composicións a elixir, o reparto será: 2 composicións do século XIX e 1 composición do século XX.

Esperamos que estas aclaracións sirvan para responder as inxerencias manifestadas pola profesorado nos últimos días e para transmitir ao voso alumnado tranquilidade e confianza. Pola nosa parte, seguiremos atendéndoos na dirección de correo electrónico do grupo de traballo e mantemos o blog do grupo á vosa disposición.

En Santiago de Compostela, a 28 de abril de 2020

María del Carmen Saavedra Vázquez

abauhistoria@gmail.com